

Convenio de colaboración educativa entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e a Federación de Comercio A Mariña (FCAM) para a difusión das ensinanzas de formación profesional e a inserción laboral dos titulados na comarca da Mariña.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2026

REUNIDOS

Dunha parte, don Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia, en representación desta consellería, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e nos Decretos 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia.

E doutra dona Carmen Cruzado Iglesias, presidenta da Federación de Comercio A Mariña en nome e representación da devandita organización, elixida como tal na asemblea xeral ordinaria o 22 de xaneiro de 2024.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas.

EXPOÑEN

1. Que a Lei Orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de Ordenación e Integración da Formación Profesional, establece que o sistema de formación profesional incluírá a orientación e/ou apoio ao emprendemento, actividades de fomento da cultura emprendedora, do sentido da iniciativa e da capacidade de iniciar novos proxectos empresariais, favorecendo a creación de empresas.

2. Que o Plan de Emprendemento no Sistema Educativo de Galicia, Eduemprende, constitúese como o marco de fomento do espírito emprendedor no sistema educativo de Galicia, e establece a estratexia de fomento da cultura emprendedora que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades transmitirá á comunidade educativa. O obxectivo global deste plan é lograr un avance sensible na cultura do emprendemento no noso alumnado e propor instrumentos que permitan coñecer os logros alcanzados.

3. Que a Estratexia de FP Galicia 2030, aprobada no consello da Xunta do día 10 de febreiro de 2022, ten como un dos principios que a sustentan a colaboración público-privada entre as administracións e as empresas no proceso de adquisición de competencias por parte da cidadanía, na identificación das necesidades de capacitación e deseño da oferta formativa, incluíndo a modalidade dual, ou levar a cabo actuacións de difusión das ensinanzas de Formación Profesional; así como establecer obxectivos estratéxicos que buscan fomentar o emprendemento en colaboración estreita co tecido produtivo galego e apoiar e promover as iniciativas emprendedoras dentro dos centros de formación profesional.

Tamén contempla a Innovación e Dixitalización que pretende darlle un Impulso á innovación aplicada na formación profesional, promove accións de innovación nos centros de FP, particularmente nos centros integrados, implementalas no CGIFP, e difundilas no Sistema de formación, así como no Sistema produtivo de Galicia; e a través da participación de empresas e institucións nos proxectos de innovación e dixitalización que se desenvolvan nos centros de FP.

O Plan Conecta FP Galicia, integrado na devandita estratexia, ten entre os seus obxectivos a mellora da competitividade das empresas, dando resposta ás necesidades de capacitación que deben ter os traballadores que precisan, detectando as necesidades formativas dos sectores produtivos e deseñando unha oferta de formación profesional do sistema educativo adaptada ás mesmas.

4. Que a Federación de Comercio A Mariña (en adiante FCAM) é unha Federación sen ánimo de lucro, que foi constituída no ano 2013. Segundo os seus estatutos, entre os fins propios atópanse a representación e defensa dos intereses económicos, sociais, profesionais e culturais dos seus asociados, a programación das accións necesarias para conseguir melloras sociais e económicas, así como a potenciación das relacións cos órganos municipais, comarcais, provinciais, autonómicos, nacionais e internacionais en orde ao mellor desenvolvemento dos intereses do sector.

De todos estes obxectivos despréndese que a entidade aposta pola Mariña Lucense como comarca xeradora de emprego cualificado e de calidade, de aí que considere necesaria levar adiante unha campaña de información e concienciación por parte do tecido empresarial destinada ao alumnado de Formación Profesional.

5. Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e a Formación Profesional e a FCAM están dispostas a colaborar en todos aqueles aspectos que melloren as competencias do alumnado de formación profesional e se adapten ás actuais necesidades formativas do mercado laboral e así conduzan a unha óptima inserción laboral deste alumnado.

En consecuencia, ambas as partes acordan asinar este convenio, que se rexerá polas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración no campo da formación profesional entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Federación de Comercio A Mariña. Esta colaboración levarase a cabo nos seguintes campos de actuación:

- a. Promoción e difusión destas ensinanzas na comarca da Mariña, así como das súas saídas profesionais entre o alumnado de formación profesional.
- b. Promoción do autoemprego e do emprendemento entre o alumnado de formación profesional.
- c. Fomentar a obtención de titulacións de formación profesional e certificados de profesionalidade dos traballadores e das traballadoras das empresas asociadas a FCAM, dentro do Plan de avaliación, recoñecemento e acreditación (ARA) da experiencia profesional que desenvolve a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

- d. Desenvolvemento conxunto de proxectos I+D+i no ámbito da formación profesional nos centros públicos e no Centro de Innovación da Formación Profesional Eduardo Barreiros de Ourense, dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Segunda. Promoción e difusión destas ensinanzas na comarca da Mariña, así como das súas saídas profesionais entre o alumnado de formación profesional.

A FCAM en colaboración cos centros educativos da comarca da Mariña colaborarán conxuntamente para:

- A difusión das ensinanzas de formación profesional entre a mocidade da comarca.
- Promoción de ensinanzas de formación profesional en réxime de formación profesional intensiva.
- A promoción das saídas profesionais existentes na contorna entre o alumnado.
- Difundirán e contribuirán á inserción laboral na comarca dos titulados en formación profesional dos centros educativos da comarca da Mariña.

Para iso en coordinación cos centros educativos realizaranse actividades como visitas a empresas, xornadas, charlas e calquera outra iniciativa que se considere idónea.

Terceira. Promoción do emprendemento

Promoveranse actividades e iniciativas emprendedoras dentro do marco de Eduemprende, Plan de emprendemento no sistema educativo de Galicia a través de Xornadas de fomento do emprendemento e o desenvolvemento do Concurso "Atrévete a ter unha idea".

Para iso, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e FCAM articularán as medidas que sexan precisas, co fin de favorecer a participación dos centros educativos nas referidas actividades a desenvolver e na utilización de materiais e ferramentas que se elaboren, para conseguir a implantación da cultura emprendedora entre o alumnado e a mellora da empregabilidade.

Cuarta. Recoñecemento da experiencia laboral dos/as traballadores/as de FCAM

Dentro do Plan de avaliación, recoñecemento e acreditación (ARA) de competencias profesionais, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional analizará con FCAM a

posibilidade de acreditar a experiencia profesional dos/as traballadores/as das empresas asociadas a FCAM e así convocar aquelas cualificacións profesionais vinculadas a determinados postos de traballo.

Quinta. Desenvolvemento de proxectos de innovación

Os centros de FP teñen a responsabilidade de fomentar a realización de proxectos nas súas aulas que potencien o desenvolvemento e a mellora dos procesos tecnolóxicos, metodolóxicos e formativos, e potencien a colaboración co mundo empresarial. Estes proxectos deberán evolucionar cara a sistemas de traballo que integren a innovación didáctica e tecnolóxica nos ensinos de formación profesional e poñan en contacto permanente a centros educativos co tecido empresarial da súa contorna, así como, como con organizacións e entidades co mesmo interese científico dentro dunha cultura colaborativa.

Neste sentido e dentro das iniciativas de innovación da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional FCAM promoverá actuacións conxuntas coas empresas asociadas a FCAM para o desenvolvemento de proxectos de innovación nos centros educativos de formación profesional e tamén no Centro de Innovación da Formación Profesional Eduardo Barreiros de Ourense, como calquera outra iniciativa que potencie a transferencia de coñecemento, buscando a calidade e a excelencia na formación profesional.

Sexta. Comisión de seguimento

Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, que se reunirá cando se considere oportuno por calquera das partes asinantes.

Esta comisión estará constituída por:

- a. Dúas persoas representantes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, unha das cales exercerá a presidencia da comisión.
- b. Dúas persoas representantes da Federación de Comercio A Mariña.
- c. Unha persoa funcionaria da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional que actuará como secretaria.

As súas funcións serán coordinar as relacións entre as partes na execución deste convenio e resolver os problemas de interpretación, dúbidas e discrepancias que podan aparecer na execución das actuacións previstas no convenio.

Sétima. Vixencia do acordo

O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá unha vixencia de catro anos, podendo prorrogarse, por acordo das partes mediante a addenda correspondente. Esta addenda terá unha vixencia máxima de catro anos e asinarase antes da finalización do prazo de vixencia do convenio. Non obstante, o convenio poderá denunciarse por calquera das partes; a denuncia deberá realizarse por escrito e con dous meses de antelación á data na que se queira poñer fin á relación entre as partes.

Oitava. Causas de resolución do convenio

Serán causa de resolución do presente convenio:

- a. O transcurso do prazo de vixencia do convenio.
- b. O acordo unánime dos asinantes.
- c. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- d. Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Novena. Obrigas económicas

Da aplicación deste convenio non se derivará contraprestación económica algunha entre as partes asinantes do mesmo.

Décima. Protección de datos

De conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e co Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, as partes implicadas no que por razón das actividades previstas neste convenio teñan acceso a datos de carácter persoal, non disporán dos mesmos con finalidade distinta á esixida polas accións formativas.

Neste sentido, haberá que atender ao contemplado no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46 CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Décimo primeira. Publicidade do convenio, transparencia e bo goberno

A firma deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 9/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo segunda. Carácter administrativo do convenio

O presente convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e materias sobre as que o mesmo versa, as cales ao abeiro do disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta lei para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite, conforme ao contemplado no artigo 4 da citada lei.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que puideran xurdir na súa aplicación e non puidesen ser solucionadas no seo da comisión de seguimento, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade co exposto, ambas as partes firman o presente convenio na data da súa sinatura dixital.

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

Román Rodríguez González

A presidenta da Federación de Comercio A Mariña (FCAM)

Carmen Cruzado Iglesias